

Proxecto de Orde pola que se modifica a Orde do 16 de abril de 2014 pola que se regulan as condicións dos ingresos e traslados en servizos prestados en centros propios ou concertados, no ámbito da atención á dependencia e da promoción da autonomía persoal

O artigo 27 do Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu punto 23, atribúe á Comunidade Autónoma, con carácter exclusivo, competencias en materia de asistencia social. Con base na referida atribución competencial, aprobouse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, na que se configura e define o sistema galego de servizos sociais.

A Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, creou o Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD), coa finalidade principal de garantir as condicións básicas e de protección destinadas á promoción da autonomía persoal e a atención das necesidades das persoas con dificultades para a realización das actividades básicas da vida diaria, prestacións dentro do sistema de servizos sociais.

Na Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a autonomía e a atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, regulase no seu artigo 3 o catálogo de servizos do Sistema para a autonomía e atención á dependencia, seguindo o establecido no artigo 15 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, regulándose, entre outros, os servizos de prevención das situacións de dependencia e de promoción da autonomía persoal, o servizo de atención diúrna e de atención nocturna, o servizo de atención residencial ou tamén os centros de atención a persoas en situación de dependencia, en razón dos distintos tipos de discapacidade.

As modalidades e as prestacións que integran o contido dos servizos previstos no catálogo regulado polo artigo 15 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, e polo artigo 3 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, relaciónanse no Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e atención á persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo.

Posteriormente aprobouse a Orde do 16 de abril de 2014 pola que se regulan as condicións dos ingresos e traslados en servizos prestados en centros propios ou concertados, no ámbito da atención á dependencia e da promoción

da autonomía persoal. Esta orde ten por obxecto a regulación das condicións aplicables para o ingreso e traslado nos servizos de atención residencial, atención diúrna, atención nocturna e servizos de supervisión e apoios puntuais prestados desde os equipamentos especiais regulados no referido Decreto 149/2013, do 5 de setembro, destinados a persoas maiores, a persoas con discapacidade e a persoas en situación de dependencia, dentro da rede pública de servizos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, tanto de xestión directa, como indirectamente a través das diversas modalidades de contratación da xestión de servizos públicos establecidas na normativa reguladora dos contratos do sector público.

A experiencia acumulada na aplicación da antedita Orde do 16 de abril de 2014, o compromiso coas persoas para a mellora da xestión dos recursos e da atención adaptando o sistema de atención ás necesidades persoais e sociais, determinan abordar unha modificación da referida orde no que respecta á regulación dos ingresos e traslados, a asignación e baixa de prazas, órganos competentes ao abeiro da última estrutura orgánica da consellería con competencias en materia de servizos sociais e actualización dos anexos.

De acordo co que establece o artigo 129.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a tramitación desta disposición axústase ao cumprimento dos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia. Así mesmo, o procedemento de elaboración desta orde axustase ao disposto na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, en especial no que se refire aos trámites de audiencia e de información pública, ao sometemento aos informes preceptivos.

En consecuencia, facendo uso das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa Presidencia,

RESOLVO:

Artigo único. *Modificación da Orde do 16 de abril de 2014 pola que se regulan as condicións dos ingresos e traslados en servizos prestados en centros propios ou concertados, no ámbito da atención á dependencia e da promoción da autonomía persoal*

A Orde do 16 de abril de 2014 pola que se regulan as condicións dos ingresos e traslados en servizos prestados en centros propios ou concertados, no ámbito da atención á dependencia e da promoción da



autonomía persoal, queda modificada como segue:

Un. No texto da orde a referencia á persoa titular da consellería competente entenderase en materia de persoas maiores e con discapacidade.

Dous. O número 1 do artigo 3, referido aos titulares do dereito de ingreso queda redactado como segue:

“1. Poderán acceder aos servizos regulados no artigo 2 desta orde as persoas ás que, de conformidade coa normativa que regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e para o acceso ás prestacións do Sistema para a autonomía e a atención á dependencia, se lles recoñecese a súa condición de persoas en situación de dependencia e se lles resolvese no seu Programa individual de atención algún dos servizos regulados nesta norma.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, tamén poderán acceder aos ditos servizos aquelas persoas que non teñan recoñecida a súa condición de dependentes pero cuxo ingreso sexa necesario pola súa situación de emerxencia social ou en virtude de instrución da autoridade xudicial ou do Ministerio Fiscal”.

Tres. O artigo 4, referido aos sistemas de acceso, queda redactado como segue:

“Artigo 4. *Sistema de acceso*

1. As persoas que queiran acceder a unha praza pública en calquera dos servizos indicados no artigo 2 deberán seguir o procedemento de recoñecemento da dependencia establecido na normativa de aplicación, sen prexuízo do disposto no número 1 do artigo anterior.

2. No momento en que se presente a solicitude de recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema, as persoas interesadas indicarán os servizos polos que teñan preferencia. As persoas interesadas poderán indicar os centros, concellos ou provincias polos que teñan preferencia. Para o caso de que non se sinale ningunha preferencia, entenderase que a solicitude se formula para toda a Comunidade Autónoma.

No caso de non existir ningún centro adecuado ás necesidades da persoa solicitante dentro dos concellos ou provincias sinalados como preferentes, o ámbito de resolución do acceso farase igualmente extensivo a toda a Comunidade Autónoma.



3. Unha vez aplicado o baremo de valoración da situación da dependencia vixente en cada momento, se a persoa solicitante acadara un grao de dependencia que lle permita o acceso a algún dos recursos desta norma, formularase proposta de Programa individual de atención para a súa posterior aprobación, de conformidade co previsto coa normativa que regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e para o acceso ás prestacións do Sistema para a autonomía e a atención á dependencia.

De non acadar o recoñecemento da situación de dependencia, incluírase no Programa de asignación de recurso polo sistema de libre concorrència, sempre que reúna os requisitos establecidos pola normativa vixente para acceder ao recurso.

4. Unha vez se resolva o dereito da persoa a acceder a algún dos servizos a que se refire esta norma, a xestión do ingreso realizarase, en todo caso, tanto para as persoas que acceden polo sistema para a autonomía e atención á dependencia como polo sistema de libre concorrència, a través do Programa de asignación de recursos.”

Cuatro. O número 1 do artigo 5, referido aos acompañantes, queda redactado como segue:

“1. De forma excepcional e co obxecto de manter a unidade familiar, poderase recoñecer o dereito de admisión nos servizos residenciais, así como nos servizos de supervisión e apoios puntuais prestados dende os equipamentos especiais, como acompañante da persoa solicitante principal, a quen, non reunindo todos os requisitos establecidos, se encontre nalgunha das seguintes situacións:

- a) Ser cónxuxe ou persoa en relación análoga de afectividade.
- b) Ser parente por consanguinidade ou afinidade ata o segundo grao.

Cinco. Engádesse un número 6 ao artigo 5 referido aos acompañantes, coa seguinte redacción:

“6. No momento no que a persoa solicitante principal perda a condición de usuaria, si a persoa acompañante non reunise os requisitos establecidos para obter a condición de usuaria por si mesma, deberá abandonar o centro no prazo máximo de tres meses contados desde a data na que perdeu a condición de residente a persoa solicitante principal. Non obstante, sempre que a persoa acompañante reúna os requisitos para ocupar unha praza pública en calquera dos



servizos indicados no artigo 2 poderá solicitar un ingreso ou traslado”.

Seis. Engádesse un novo artigo 5.bis coa seguinte redacción:

“Artigo 5 bis. Acompañamento en centros residenciais para persoas con discapacidade.

1. En aqueles centros residenciais para persoas con discapacidade que estean concebidos para a convivencia destas coa súa familia o dereito de ingreso corresponderá á unidade familiar da persoa con discapacidade, non podendo realizarse a asignación da praza nos mesmos de forma individual

2. O dereito de admisión neste servizo estará suxeito ás seguintes condicións:

a) A asignación de prazas realizarase de forma conxunta para a unidade familiar constituída pola persoa con discapacidade e as persoas acompañantes. Para determinar a orde de preferencia a estes servizos valoraranse exclusivamente os criterios de prelación respecto da persoa con discapacidade.

b) Terán a condición de acompañantes na condición de membros da unidade familiar, o cónxuxe ou persoa en relación análoga de afectividade coa persoa de discapacidade ou parente por consanguinidade ou afinidade ata o segundo grao.

c) Alo menos unha das persoas acompañantes da unidade familiar deberá ter o recoñecemento da situación de dependencia de grao II ou III.

d) O número máximo de membros da unidade familiar, incluída a persoa con discapacidade, non poderá exceder de 4.

3. A permanencia nestas prazas será temporal, mentres permaneza no centro a persoa con discapacidade e a lo menos outra persoa da unidade familiar das indicadas na letra b) do número anterior. No caso de non cumprirse esta condición todos os membros da unidade familiar deberán solicitar o ingreso ou traslado noutros centros adecuados ás necesidades de cada unha delas sempre que reúnan os requisitos para ocupar unha praza pública en calquera dos servizos indicados no artigo 2.



4. Non se recoñecerá o dereito de acompañamento a aquelas persoas da unidade familiar que requiran coidados específicos que non poidan atenderse no centro no que ingrese a persoa con discapacidade.

5. O centro poderá autorizar a outros familiares da persoa con discapacidade que non formen parte da unidade familiar establecida no número 2 para que fagan unha labor de acompañamento durante o día, sen que supoña ocupación de praza no centro, nin acceso aos servizos. Este acompañamento non poderá interferir no traballo do persoal do servizo nin nas normas de organización e funcionamento do centro”.

Sete. O artigo 7, queda redactado como segue:

“Artigo 7. Resolución de asignación de praza

1. A asignación de prazas levarase a cabo a través do Programa de asignación de recursos, conforme as criterios sinalados na normativa que regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e para o acceso ás prestacións do Sistema para a autonomía e a atención á dependencia.

2. Correspóndelle ás direccións xerais competentes en materia de maiores e persoas con discapacidade no seu respectivo ámbito de competencias resolver a asignación das prazas vacantes en cada momento, ás persoas con mellor dereito dentro do programa de asignación de recursos, con respecto ao tipo de recurso e vacante de que se trate.

3. A prelación de acceso ao servizo polo sistema de libre concorrência realizarase de acordo coa aplicación sucesiva dos criterios que se **sinalan** na normativa que regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e para o acceso ás prestacións do Sistema para a autonomía e a atención á dependencia.

4. Sen prexuízo do disposto nos números anteriores ás direccións xerais competentes en materia de maiores e persoas con discapacidade poderán adxudicar o servizo a unha persoa solicitante, con independencia do lugar que ocupe no Programa de asignación de recursos, ou incluso sen estar incluído nel, cando se trate dun suposto de emerxencia social ou cando o ingreso sexa necesario en virtude de mandato da autoridade xudicial ou do ministerio fiscal.

5. No caso de asignación de praza a persoas con discapacidade, cando nun suposto de ingreso por emerxencia social non exista unha praza vacante no recurso idóneo á súa tipoloxía, se lles poderá asignar de forma provisional unha praza nun recurso de tipoloxía similar que



sexa axeitada. A permanencia na praza será temporal mentres non se asigne a praza no recurso idóneo axeitado. Unha vez asignada a praza no recurso idóneo procederase ao traslado do centro. A oposición ao traslado poderá supoñer a perda da praza provisional asignada”.

Oito. O número 1 do artigo 9, referido á comunicación ao centro, queda redactado como segue:

“1. De forma simultánea á notificación á persoa interesada, as unidades administrativas responsables comunicaranlle ao centro que corresponda a asignación da praza vacante, aos efectos de que, nun prazo máximo de dous días hábiles, se poña en contacto coa persoa beneficiaria co fin de acordar o ingreso efectivo. O contacto coa persoa beneficiaria poderá realizarse por calquera medio que permita ter constancia da súa realización.

O prazo para o ingreso na praza vacante será de 5 días hábiles, que comezarán a contar desde o día seguinte a aquel no que a persoa interesada reciba a comunicación por parte do centro, nos termos aos que se refire o parágrafo anterior. A non incorporación no prazo sinalado entenderase como unha renuncia á praza asignada”.

Nove. Suprímese o artigo 13.

Dez. Suprímese o artigo 14.

Once. Suprímese o artigo 15.

Doce. O número 1 do artigo 16, referido á suspensión temporal do servizo, queda redactado como segue:

“1. O servizo de atención residencial suspenderase de forma temporal con motivo do internamento da persoa beneficiaria nunha institución sanitaria ou por motivo dunha convivencia familiar fora do centro sen que, neste caso, o período de suspensión poida exceder dos 2 meses ao ano.

A suspensión do servizo será autorizada polas direccións xerais competentes en materia de maiores e persoas con discapacidade no seu respectivo ámbito de competencias.”

Trece. O número 1 do artigo 26, referido á resolución das solicitudes de traslado e recurso, queda redactado como segue:

“1. As solicitudes de traslado serán resoltas, en calquera dos tres supostos regulados nesta orde, polas direccións xerais competentes en

materia de maiores e persoas con discapacidade no seu respectivo ámbito de competencias.”

Catorce. O número 1 do artigo 38, referido ao órgano competente para resolver, queda redactado como segue:

“1. Correspóndelle ás direccións xerais competentes en materia de maiores e persoas con discapacidade no seu respectivo ámbito de competencias resolver a asignación das prazas vacantes temporais, tendo en conta as prazas dispoñibles que existen en cada momento, dentro do programa de asignación de recursos de estancias temporais”.

Quince. O artigo 41, queda redactado como segue:

“ Artigo 41. *Órgano competente para a resolución da baixa no servizo*

1. A perda da condición de persoa usuaria e a conseguinte baixa no servizo será acordada polas direccións xerais competentes en materia de maiores e persoas con discapacidade no seu respectivo ámbito de competencias no prazo de tres meses dende o seu acordo de inicio, unha vez constatada a circunstancia que a motiva, previa audiencia da persoa interesada

2. Cando a baixa se produza por calquera das circunstancias a que se refiren as letras b), c), d), g), i) ou j) do artigo anterior, deberá garantirse, en todo caso, a audiencia previa da persoa interesada.

3. Contra esta resolución de baixa, que non pon fin a vía administrativa, a persoa interesada ou quen exerza a súa representación legal poderá interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da consellería competencia en materia de persoas maiores e con discapacidade de conformidade cos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.”

Dezaseis. Suprímese a disposición adicional primeira.

Dezasete. Suprímese a disposición adicional terceira.

Dezaioito. A Disposición derradeira primeira, referida ao desenvolvemento da orde, queda redactada como segue:

“Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento da orde*

Autorízase ás direccións xerais con competencias en materia de

maiores e con competencias en materia de persoas con discapacidade para ditar os actos e as instrucións necesarias para o desenvolvemento desta orde.”

Dezanove. Engádesse unha disposición derradeira que numerarase como segunda como segue:

“Disposición derradeira segunda. *Actualización dos formularios normalizados*

De conformidade coa disposición adicional sexta da Lei 4/2019, de 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, os formularios normalizados aplicables na tramitación dos procedementos regulados nesta disposición, poderán ser actualizados co fin de mantelos adaptados á normativa vixente. A estes efectos será suficiente a publicación dos formularios actualizados na sede electrónica da Xunta de Galicia, onde estarán permanentemente accesibles para todas as persoas interesadas, sin que sexa necesaria unha nova publicación no *Diario Oficial de Galicia*.”

Vinte. A disposición derradeira segunda pasa a numerarse como terceira.

Vinte e un. Suprímese o anexo I.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor aos vinte días seguintes ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

Santiago de Compostela,

Fabiola García Martínez

Conselleira de Política Social e Xuventude